

SEMPRE

Sempre..., sempre me pareceu moito tempo, pero naquel verán contigo só durou un instante. Un instante eterno.

E non tiven medo; non si estabas ti.

Fun capaz de bailar cos meus erros e deixar que as penas me rozasen; porque era feliz. Contigo.

Era feliz mirando como o sol se derretía neses ollos chocolate que me miraban, érao cando me abrazabas por sorpresa; e tamén cando a tua man rozaba a miña sen querer, pero despois agarrábalas con forza.

Era feliz cando, tombados, sinalabas as estrelas e me díñas que ti me querías más ca elas.

Pero as noites estreladas remataron; e chegou o frío inverno, arrasando todo, incluso a ti, quen me xurou un verán eterno. E xa non estás.

Hoxe, que me visto dos teus bicos, recreándome en cada lembranza, fúcheste.

Vai frío, e as apertas que antes me dabas, son as que agora me fan falta. Pero xa non sorris cando me ves.

Souben que cada día te perdía máis, e aínda así, nunca souben que facer para paralo. E agora tampouco, en Decembro, cando parece que a choiva se está levando todo.

Menos os teus recordos.

Menos a miña dor.